

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 20 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Abel Fermin Losada Álvarez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 5a, 5b, 6a, 6b, 10a e 10b)
D^a. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 5c e 6c)
D^a. Carla Candia Paz, xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 9a e 10d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) (lote 4)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido neste lote. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 14 de decembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) (lote 2)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA647-C22D3E-CD59C6-QF3H8B-7N7TW5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido neste lote. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 15 de decembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*", así como o informe corrixido de data 19 de decembro. A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo dos informes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) (informe Sobre D "Mostras")

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 15 de decembro de 2022 de valoración do sobre D "*Mostras*", así como o informe de data 19 de decembro que corrixe o anterior. A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo dos informes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) (lote 4)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do lote 4 "*Felicitación virtual dos Reis Magos*" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do lote	Incremento do número mínimo (120) de participantes esixido na cláusula D.1 do PPT
1	BARAFUNDA, S.L.	1.945,00 €	0

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e na cláusula 18 do PCAP. Ao abeiro do disposto na cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación por ser o único licitador admitido:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA647-C22D3E-CD59C6-QF3H8B-7N7TW5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo do lote	Incremento do número mínimo (120) de participantes esixido na cláusula D.1 do PPT	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	49 puntos	6 puntos	55 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliábel mediante xuízo de valor (20 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios avaliábel mediante xuízo de valor	Criterios avaliábel a través de fórmula	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	20 puntos	55 puntos	75 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) (lote 2)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" do lote 2 "Animacións na cabalgata de Reis no espazo percorrido" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula B do PPT
1	BARAFUNDA, S.L.	64.317,00 €	28

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios recollidos na cláusula 17 do PCAP. Ao abeiro do disposto na cláusula 16.2 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación por ser o único licitador admitido:

	Licitador	Redución do prezo do lote	Incremento do número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula B do PPT	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	40 puntos	15 puntos	55 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliábel mediante xuízo de valor (35 puntos), a puntuación total é a seguinte:



	Licitador	Criterios avaliados mediante xuízo de valor	Criterios avaliados a través de fórmula	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	35 puntos	55 puntos	90 puntos

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Tempo necesario dende a recollida, entrega no Parque, limpeza e desinfección dos EPIs
1	SAGRES, S.L.	1.229.110,00 €	64 horas nos 365 días do ano

Asiste á apertura D^a. Teresa Pellitero Soto, con DNI **. *11.85*, en representación de SAGRES, S.L.

A Mesa comproba que a única oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e da cláusula 18 do PCAP. Ao abeiro do disposto na cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación por ser o único licitador admitido:

	Licitador	Redución do prezo	Tempo necesario dende a recollida, entrega no Parque, limpeza e desinfección dos EPIs	Puntuación total
1	SAGRES, S.L.	80 puntos	20 puntos	100 puntos

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 15 de decembro de 2022 de valoración do sobre C



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA647-C22D3E-CD59C6-QF3H8B-7N7TW5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) (lote 4)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) (lote 2)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 2 deste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	90 puntos



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SAGRES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAGRES, S.L. (B-36.028.991), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:28	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA647-C22D3E-CD59C6-QF3H8B-7N7TW5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Tomar razón das exclusións de EVENTOS CULTURAI S RETALLISTAS, S.L. (lote 1) e AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (lote 2), acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2022, por incorporar no sobre B información relativa aos criterios avaliábeis a través de fórmula (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322) na seguinte orde descendente:

- Lote I “Apoio técnico”

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ATELIER SOCIAL, S.L.	95,46 puntos
2	AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	73,18 puntos

- Lote II “Formación a persoas voluntarias e entidades”

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ATELIER SOCIAL, S.L.	97,00 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

